

ORIENTACIÓNS PARA A CATALOGACIÓN E DESEÑO DAS SINATURAS TOPOGRÁFICAS NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

As Escolas Oficiais de Idiomas, polas súas características, precisan identificar visualmente nos recursos a lingua na que están escritos e, por veces, tamén lles é necesario indicar o nivel de competencia lingüística preciso / recomendado para acceder a ese recurso. Ademais, a maior parte das EOI teñen seccións noutras localidades e edificios, polo que, aínda que son un só centro a nivel administrativo, teñen seccións bibliotecarias que tamén precisan de seren diferenciadas nos seus catálogos.

Como indicar fisicamente a lingua dun recurso?

Na ficha de catalogación indícase a lingua do recurso (en Koha recóllese en *008 - Información xeral*) e na CDU estandarizada que se usa nas bibliotecas profesionais sinalase a lingua do recurso, de entenderse necesario indicalo a maiores, cun código de número para cada idioma acompañado do signo auxiliar =. Esta indicación auxiliar de lingua non se fai na CDU adaptada para as bibliotecas escolares de Galicia, pois dificulta o uso da CDU.

De xeito xeral non se recomenda separar os recursos por linguas (así teremos os recursos dunha mesma persoa autora xuntos) pero a dinámica de uso dos recursos en linguas estranxeiras fai que haxa centros que separen os libros que están nesas linguas para que o acceso a eles sexa máis directo. No caso das EOI é habitual que se fagan subdivisións dentro da biblioteca para cada idioma que se estuda na escola, sobre todo para a literatura de ficción aínda que ás veces tamén para os libros de non ficción, creándose diferentes “bibliotecas” por linguas.

A identificación da lingua pode sinalarse cunha pegatina ou etiqueta que cada biblioteca pode escoller, por exemplo un gomet coas iniciais da lingua e/ou algunha cor ou imaxe identificativa. Tamén podería sinalarse na sinatura topográfica pero

sempre dependente da CDU adaptada para as bibliotecas escolares de Galicia e tendo con isto un especial coidado: engadiremos as iniciais da lingua a seguir da CDU, sen alterar esta nin pegándoa a ela porque esa opción pode alterar o resultado de buscas e estatísticas por CDU. Así, de escollermos sinalar o idioma na sinatura, esta indicación farase sempre con tres letras en minúscula, separadas da CDU co signo = e segundo o nome da lingua en galego. Así, estandarízase o nome das linguas da seguinte maneira (de precisarmos identificar unha lingua que non estea na seguinte listaxe, crearase a abreviatura da mesma maneira):

alemán: =ale	éuscaro: =éus	italiano: =ita
árabe: =ára	francés: =fra	latín: =lat
castelán: =cas	galego: =gal	portugués: =por
catalán: =cat	grego: =gre	ruso: =rus
chinés: =chi	inglés: =ing	xaponés: =xap

Por exemplo: 82-N=por (unha novela en portugués) ou 64=ing (un recetario de cociña en inglés).

Como indicar o nivel de competencia de lingua?

A miúdo as lecturas que temos en linguas estranxeiras están adaptadas e sinalan unha competencia de lingua axeitada para acceder a elas. A competencia ou nivel de lingua está estandarizado en A1, A2, B1, B2, C1 e C2. Aínda que non é necesario indicar este nivel fisicamente no couce do libro, se queremos facelo entón o ideal é usar un código de cores (poñendo etiquetas ou gomets de cores), para non complicar a sinatura/tejuelo con máis datos, ademais de que esas lecturas adaptadas adoitan ser breves e o tejuelo pouco se ve no lombo dun libro estreito. Dado que xa existe unha estandarización de cores para sinalar a idade/competencia de lectura en xeral, estandarización que se adoita usar nas bibliotecas onde hai alumnado desde os primeiros niveis lectores (e prelectores) (véxase a táboa simplificada da CDU), o mellor é facer unha correlación desas cores cos niveis de lingua dos libros adaptados para a aprendizaxe de idiomas. Así:


Códigos de cor		
Grupo	Idade (anos)	Nivel de competencia lingüística
Prelectorado	0 a 5	A1
Primeiras/os lectoras/es	6 a 8	A2
Lectorado autónomo	9 a 11	B1
Lectorado experto	12 a 14	B2
Xuvenil	15 a 17	C1
Lectorado adulto	18 ou máis	C2

Esa información (nivel de lingua) das lecturas de linguas estranxeiras adaptadas consignarase tamén na catalogación: incluírase no campo *Nota xeral* (pestana 5) de Koha ou en observacións no caso de Meiga.

Como indicar a ubicación do recurso dentro das distintas seccións físicas?

No programa de xestión Koha temos oito posibilidades de localización en andeis dun recurso dentro na da ficha de catalogación do ítem/exemplar.

Estas opcións que se sinalan no campo *c - Localización en andeis* son as que poden ter tódolos centros escolares, e, para concretar máis en cada unha delas, temos que recorrer á *Nota pública*. Por exemplo, se escollemos *Aula* na localización, en nota pública podemos engadir *Aula 1º ESO A* ou *Aula Francés B*.



The screenshot shows a form with several fields. The field 'c - Localización en andeis' is highlighted with a red box. Below it are fields 'd - Data de alta no sistema', 'e - Fonte de adquisición', 'h - Sinatura correspondente á clasificación', 'i - Parte da sinatura que identifica ao exemplar', and 'o - Sinatura completa'. To the right of the 'c' field is a dropdown menu with a search icon. The dropdown menu is open, showing a list of options: 'Aula' (highlighted in blue), 'Departamento', 'Depósito', 'Fondo histórico', 'Maletas viaxeiras', 'Mochilas viaxeiras', 'Sala préstamo', and 'Sala profesorado'.

Entón, para sinalar que un recurso está nunha sección dunha biblioteca que corresponde a un edificio distinto, cómpre escoller *Sala préstamo* ou outra das opcións nese campo e, en nota pública, poñer *Sección Sarria* ou *Sección Cee*. Sección é o nome oficial das distintas extensións que ten unha Escola de Idiomas e temos que soldar o nome sen espazos intermedios para que se poidan facer buscas dentro do

catálogo desa sección no OPAC; por exemplo: "detectives" + "Sección Sarria" e que esta busca non nos devolva recursos que traten de, por exemplo, un libro de historia de Sarria. Cómpre, polo tanto, que na formación de persoas usuarias, na guía de uso da biblioteca escolar e no propio OPAC apareza un aviso sobre como se busca nunha sección concreta (este aviso podemos crealo coa ferramenta *Noticias* dentro da intranet).

En todo caso, para calquera destas tres cuestións que atinximos nestas orientacións (a lingua do recurso, o nivel de competencia de lingua e a especificación da sección ou edificio distinto da biblioteca principal) é moi necesario que o equipo de biblioteca teña un acordo único, que estandarice as denominacións e que consigne a mesma solución e termo independentemente da persoa que catalogue cada recurso.